
Beatriz García Turnes, *A lingua galega entre 1875 e 1916. Situación social e consciencia idiomática*, Pontevedra, Servicio de Publicacións da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, 2004, 183 páxinas

Máis dunha década despois da presentación da tese de doutoramento da profesora Carme Hermida, e varios anos após a defensa da tese de Henrique Monteagudo e a saída ao mercado editorial dos traballos da profesora Goretti Sanmartín Rei, temos felizmente nas nosas mans unha obra que vén completar dalgunha maneira o estudo, iniciado polos anteriores, da situación sociolingüística galega na segunda metade do século XIX e primeiro terzo do XX, máis concretamente entre os anos 1840, ano en que arrinca a obra de Hermida, e 1936, data límite das investigacións realizadas por Sanmartín Rei e por Monteagudo. Desta maneira, o traballo de Beatriz García Turnes, centrado no período 1875-1916, redunda nun maior coñecemento da situación social de que gozaba a nosa lingua nun momento en que se está xestando a renacemento cultural e literaria galega.

Antes de máis, queremos salienta a relevancia desta obra como máis unha achega á construción da historia sociolingüística do galego, campo de estudo que sen dúbida e até estes últimos tempos ten visto limitado o seu desenvolvemento fronte ás abondosas análises de que, por exemplo, ten sido obxecto a historiografía literaria decimonónica, probabelmente por ese afán amosado polos galeguistas da época en lle devolveren ao galego o esplendor literario medieval como medio principal para a súa promoción. Este volume responde así ás numerosas demandas que desde o ámbito lingüístico-filolóxico galego se teñen realizado a este respecto, dirixíndose por súa vez a especialistas e persoas interesadas na materia.

As datas que acoutan este estudo teñen certamente unhas motivacións históricas e sociolóxicas claras, tal e como indica a propia autora na introdución da obra, xa que en 1875 se inicia o réxime da Restauración, que perdurará até ao fin da ditadura de Primo de Rivera, e que traerá consigo a centralización política e unha intensificación do caciquismo, ao paso que o ano 1916 significa o final do movemento rexionalista e o nacemento do nacionalismo galego coa creación das Irmandades da Fala. Ambos os sucesos traerán consigo, dun xeito negativo no primeiro caso e positivo no segundo, mudanzas significativas na situación da lingua galega, como despois veremos máis pormenorizadamente.

Esta obra consta de tres grandes apartados precedidos dunha breve introdución e seguidos dunhas conclusións finais e das referencias bibliográficas oportunas. A primeira parte, que aparece baixo o título “Uso oral do galego”, céntrase na perda de falantes da nosa lingua durante o citado período e nas posíbeis causas que motivan o inicio deste proceso, tales como a “centralización administrativa” e as leis decimonónicas que a amparan, o servizo militar, a emigración... Alén diso, a autora introduce nestas páxinas iniciais unha cuestión que do noso punto de vista é fundamental, como é a de contestar as teses que aseguran a existencia dun descenso vertixinoso do número de galegofalantes xa no último cuartel do século XIX, ou a visión da escola como instrumento principal de castellanización, ideas que teñen sido consideradas certas cando na realidade non son moi exactas.

A primeira destas consideracións está baseada nas palabras de certos persoeiros relevantes do momento, como Lamas Carvajal, quen no ano 1906 asegura que “o gallego cuasementos non se fala” (p. 15), ou de Manuel Martínez Murguía, que nese mesmo ano fai a seguinte observación: “Cuando yo era niño, todos a mi alrededor hablaban gallego. Cincuenta años bastaron para que las clases elevadas, que antes no entendían cometer falta, usando el lenguaje que todos entendían, hayan cambiado” (p. 25). Mais temos de tomar estes testemuños con moita cautela, xa que aínda que si se pode falar dun descenso do monolingüismo, debemos ter en conta que estas opinións pecan dunha certa parcialidade, debido a que o medio social en que se movían os citados autores era a burguesía urbana, medio en que con efecto a presenza do castelán era maior, sobre todo como “lingua pública” ou “social”, fronte ao galego, que ficaba relegado a un plano secundario, non público.

O outro aspecto citado anteriormente, e en que Beatriz García Turnes tamén fai un especial fincapé, baseándose fundamentalmente nos datos de Narciso de Gabriel e Antón Costa, merece igualmente certos comentarios. Deste modo, non podemos acreditar no feito de a escola funcionar como un dos máis importantes axentes castellanizadores, se tivermos en conta que neste momento o sistema educativo se caracteriza por un deficiente ensino da gramática castelá, unha clara ineficacia derivada de elementos como a escasa formación dos mestres, os baixos índices de escolarización infantil, a reducida asistencia do alumnado ocupado nos labores agrícolas..., para alén do case total incumprimento por parte dos ensinantes da imposibilidade de uso da lingua galega na escola (e, en xeral, das chamadas “linguas periféricas”), atranco que foi pouco a pouco manifestándose nas diversas disposicións legais de fins do século XIX e comezos do XX, principalmente no caso catalán. En consecuencia, e no que á lingua respecta, unha conclusión que si debemos tirar tanto da educación estatal como do propio centralismo do sistema administrativo e político, é o feito de que o conxunto da poboación, e especialmente as clases menos favorecidas socialmente, deben recoñecer o castelán como “lingua llexítima”, a lingua dos libros, que posúe unha gramática e é empregada dun modo

público nos acontecementos da vida social. Mais, por súa vez, o coñecemento desa lingua fica reservada a uns poucos, isto é, á fidalguía e burguesía.

A segunda parte da obra, denominada “Lingua escrita: cultivo e elaboración”, dedica algunhas páxinas ao tratamento da contradición que supón que as clases acomodadas, precisamente as que falan castelán de modo habitual, sexan as que cultiven a escrita da lingua galega. Este é un dos paradoxos que máis críticas ten ocasionado á literatura galega e ao galeguismo en xeral, xa que moitas das persoas que escribían en galego entendían que o seu uso oral concernía ao común do pobo, e a maior parte delas foi incapaz de transpor as barreiras sociais que provocaban esta situación. Así, isto deu lugar por exemplo aos ataques continuos de Emilia Pardo Bazán e doutras personalidades da época, que se amosaban contrarias ao cultivo literario e erudito da nosa lingua. Pola outra banda, tamén se trata aquí a importancia que os galeguistas do século XIX concedían á escrita literaria como medio fundamental para a súa promoción, unha vez superado o debate sobre a necesidade de construír unha literatura galega na nosa lingua, ou a posibilidade dunha literatura galega escrita en castelán. A seguir, ofrécesenos unha minuciosa e pormenorizada relación das obras publicadas nestes corenta anos que inclúen a lingua galega nas súas páxinas, listaxe de que se tiran numerosas e importantes informacións, como o nada desprezábel número de publicacións na nosa lingua ou o importante labor de certos editores, como Andrés Martínez Salazar, Eugenio Carré Aldao, e das imprensas de *El Eco de Orense* e *El Regional*.

Un outro aspecto importante que debe ser comentado é a sistematización que desenvolve García Turnes a se basear na teoría sobre o cultivo e a elaboración das linguas de H. Kloss, que por súa vez é reformulada por Ulrich Ammon, e que ao noso parecer non se adecuía demasiado ao caso galego, xa que para alén de estar concibida, dun punto de vista cronolóxico, para unha época máis recente en que os medios de comunicación teñen unha grande importancia neste sentido, debemos ter presente o estatuto de lingua “non normalizada” do galego e a conflitividade en que se atopa a respecto do español. Porén, a aplicación do noso caso a estes esquemas de Kloss e Ammon proporciona datos realmente salientábeis e dignos de se teren en conta en posteriores análises, como por exemplo a clara vantaxe do cultivo da poesía lírica de temática costumista e da narrativa breve fronte aos restantes xéneros.

O último capítulo desta memoria de licenciatura, “Ideas sobre a lingua”, reflite as consideracións que sobre as orixes do galego fixeron no século XIX autores como Manuel Murguía, Saco Arce, Augusto Besada, Antonio de la Iglesia, Curros Enríquez ou Salvador Golpe, comentarios que, na súa maioría, acadan termos case míticos, polo que atraerán as críticas de recoñecidos filólogos como José Leite de Vasconcelos. Non consideramos pertinente citar aquí as ideas mencionadas na obra, mais si podemos facer referencia á tan manida dicotomía lingua-dialecto, e

ao intento por parte das persoas citadas de prestixiar a nosa lingua a través de argumentos como a súa esencialidade na construción do elemento nacional, a súa antiqüidade, a identificación coa raza celta, as súas importantes orixes celta, grega e latina fronte ao carácter semita do castelán, a relación entre galego e portugués...

Xa noutra orde de cousas, pode que a necesidade de trazar unha perspectiva histórica da sociedade onde encadrar o exame sociolingüístico destes corenta anos minúsculos en certa medida a análise deste último aspecto dun punto de vista crítico e mesmo reivindicativo. Esta circunstancia dáse sobre todo no primeiro apartado da obra, que fai referencia ao “uso oral do galego”, restrinxíndose así dalgún modo o obxecto da investigación a unha exposición de feitos tirados dos textos e testemuños da época. Con todo, entendemos que o obxectivo do estudo é outro, o de ofrecer unha visión xeral da lingua galega entre os anos 1875 e 1916, e concordamos coa autora nas súas formulacións e concepción dos diversos apartados e temas a tratar.

Outro importante acerto deste traballo son as achegas textuais que nel atopamos, o que permite ao público lector o coñecemento directo dos escritos decimonónicos e evidencia un inxente labor bibliográfico que, como é obvio, levou a autora á consulta e estudo de todo o tipo de textos: artigos, textos legais, discursos, obras literarias..., e mesmo nalgúns casos prensa periódica. Tamén resultan moi clarificadoras as gráficas e cadros, que contribúen a un mellor entendemento das sempre complexas porcentaxes e demais datos proporcionados. Por outra parte, e xa nun sentido máis propiamente filolóxico, é merecente dunhas palabras a vivencia de que gozan a maior parte dos modelos e teorías lingüísticas expostos nas páxinas deste volume, e a idoneidade da súa aplicación á situación sociolingüística galega de fins do século XIX e primeiros anos do XX.

Xa para finalizarmos, e a modo de conclusión, non podemos máis que reiterar a relevancia da obra de Beatriz García Turnes, entre outras cousas, polo que supón de positivo no levantamento do coñecemento sociolingüístico do pasado, que adicionado aos estudos xa existentes e aos que sen dúbida están por vir, fornece á sociedade galega actual dos elementos necesarios para a defensa e promoción do galego fronte ás agresións externas, pois o coñecemento dos pormenores da historia e a rectificación dos camiños errados son o mellor instrumento que posuímos para o restabelecemento social da nosa lingua.

Leticia Eirín García